



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español			
Código	V01G230V01955			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes Méndez González, Ramón			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo ofrecer ao alumnado unha panorámica da tradución nos servizos culturais (inglés/galego). Centrarase nas necesidades de tradución en ámbitos como: xestión e tradución de patrimonios culturais, organización de eventos e publicidade. Especial dedicación se prestará a servizos que atendan a discapacidade: subtitulación para persoas xordas, audiodescrición para persoas cegas e lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras en xeral.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C12	Posuír unha ampla cultura
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C22	Destrezas de tradución
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
C29	Formación universitaria específica
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico

D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D19	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinación inglés/español e, en xeral, adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	A1	C3	D4
	A2	C4	D7
		C8	D8
		C16	D9
		C17	D12
		C22	D16
			D22
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	A1	C1	D7
	A2	C2	D8
	A3	C3	D9
		C8	D14
		C17	D16
		C22	
Saber defender, avaliar e realizar con profesionalidade traducións a partir dun amplo abano de textos, encargos e formatos característicos de diversos ámbitos culturais na combinación lingüística inglés>galego.		C16	D4
		C17	D12
		C22	D14
			D16
Coñecer a diversidade de ámbitos de especialidade e tipoloxías textuais da tradución no eido dos servizos culturais entre o inglés e o galego. Ampliar a cultura xeral, ser conscientes das lagoas propias e fomentar a curiosidade.		C12	D8
		C25	D9
		C26	D10
		C27	D11
		C29	D13
		C32	D14
			D15
			D16
			D17
			D18
			D19
			D22
			D23

Contidos

Tema	
1. Os servizos culturais: diversidade de textos e contextos	1.1. A cultura e os servizos culturais: definición 1.2. Os servizos culturais: tipoloxía
2. Accesibilidade: tradución intralingüística	2.1. Subtitulación para persoas xordas 2.2. Audiodescrición para persoas cegas 2.3. Lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras en xeral
3. A publicidade institucional	3.1. Textos publicitarios: análise e tradución funcional 3.2. Tradución subordinada: o peso da imaxe na tradución 3.3. Publicidade en papel e publicidade audiovisual: problemas e estratexias de tradución
4. Os textos turísticos	4.1. Textos turísticos ingleses e galegos: análise contrastiva de convencións para conseguir unha tradución funcional 4.2. Ámbitos (museos, concellos, institucións encargadas de Patrimonio...) e formatos (folletos, páxinas web): a tradución do patrimonio cultural

Planificación

Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
---------------	--------------------	--------------

Actividades introductorias	3	4	7
Estudo de casos	8	11	19
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Lección maxistral	16	6	22
Aprendizaxe-servizo	12	60	72
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Sesión de presentación da guía docente e actividades de repaso sobre conceptos básicos de tradución (que se aplicarán na materia).
Estudo de casos	Presentación de textos reais (folletos dun museo, páxina web dun concello, audiodescrición dunha película...) que o alumnado deberá analizar e avaliar criticamente
Resolución de problemas de forma autónoma	Os/as estudantes traballarán os textos de forma individual ou en grupos, atendendo ás dificultades tradutolóxicas dos mesmos.
Lección maxistral	O profesorado explicará os puntos teóricos mediante presentacións. Serán sesións de natureza participativa nas que se espera que os alumnos interveñan con preguntas, comentarios, etc.
Aprendizaxe-servizo	Os/as estudantes realizarán traballos de accesibilidade (subtitulación para persoas xordas, audiodescrición para persoas cegas e lectura fácil para persoas con discapacidade cognitiva ou dificultades lectoras).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	O profesorado estará a disposición do alumnado na clase e nas horas de tutoría para solucionar dúbidas.
Estudo de casos	O profesorado estará a disposición do alumnado na clase e nas horas de tutoría para solucionar dúbidas.
Lección maxistral	O profesorado fará sesións dinámicas nas que se acepten preguntas, suxestións, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional no ámbito dos servizos culturais (encargos de tradución, revisión, etc.).	20	
Aprendizaxe-servizo	O alumno terá que realizar un proxecto de curso (individual ou en grupos reducidos) relacionado cos ámbitos da materia: tradución de folletos dunha exposición, audio-guía dun museo, subtitulación para xordos dunha película ou calquera outro que estea vencellado a servizos culturais. Contará co asesoramento do profesorado durante a súa realización.	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dun exame final sobre os contidos da materia.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá acollerse a avaliación continua ou única (sendo a primeira a máis recomendable). Aquel alumno que opte pola única deberá informar por escrito á profesora nas dúas primeiras semanas de clase. Para acollerse á avaliación continua é preciso realizar todos os exercicios, encomendas e probas contemplados no curso. As Páxina 4 de 4 datas de entrega de traballos e a proba final serán consensuados co alumnado, tentando favorecer o encaixe con datas de entrega/exame doutras materias. No caso de avaliación única, a avaliación consistirá nunha única proba presencial sobre

todos os contidos da materia na data fixada polo decanato do centro.

Na segunda edición de actas (xullo) a avaliación será idéntica á avaliación única e a data do exame estará fixada no calendario oficial do centro.

* PARA UN ÓPTIMO SEGUIMIENTO DA MATERIA O ALUMNADO DEBERÁ CONSULTAR CONTIDOS, PRAZOS DE ENTREGA, DATAS DE EXAME, ETC. EN MOOVI. * POR CADA FALTA DE ORTOGRAFÍA PODERÁNSE DESCOTAR ATA DOUS PUNTOS. * Esta materia non é recomendable para alumnado de intercambio (Erasmus/Isep...).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AENOR, **Asociación Española de Normalización, Norma UNE 153020**, 2005

AENOR, **Asociación Española de Normalización, Norma UNE 153010**, 2012

AENOR, **Asociación Española de Normalización, Norma UNE 153101**, 2018

Bhabha, H. K., **The Location of Culture**, London, 2ª, Routledge, 2004

Antoine de Saint-Exupéry, **O principião. Adaptación en Lectura Fácil**, Barcelona, Adapta Editorial, 2019

Lewis Carroll, **Alicia e el país de las maravillas**, Barcelona, Adapta Editorial, 2022

Fundación Alternativas, **Informe sobre el estado de la Cultura en España**,

<https://aresaragonescena.com/ares/informe-estado-la-cultura-espana-2022/>, 2022

Consello da Cultura Galega, **Barómetro da cultura galega III**, <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4425>, 2021

Bibliografía Complementaria

Vázquez Martín, Antonio, **Audiodescripción: norma y experiencia**, Tragacanto, 2020

VV.AA., **Validación de textos en lectura fácil: aspectos prácticos y sociolaborales**, Madrid, Plena Inclusión, 2018

IFLA, **Directrices para materiales de lectura fácil**, 2012

Montero Domínguez, Xoán (ed.), **Traducción e industrias culturales. Nuevas perspectivas de análisis**, Frankfurt am Main, Peter Lang, 2014

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417